



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

X999

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: APROBACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA PARA A PROTECCIÓN DAS CAPTACIÓNS DE AUGA SUBTERRÁNEA DESTINADA AO CONSUMO HUMANO EN ABEGONDO
EXPEDIENTE:2018/X999/000111

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-O Concello de Abegondo, en virtude da potestade regulamentaria das Entidades locais , pretende crear un corpo normativo que regule adecuadamente mediante Ordenanza Fiscal,reguladora da protección das captacións subterráneas destinadas ao consumo humano.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL): artigos 49 e 70.2.
- Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das
- Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL): artigo 56.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de Organización e Funcionamento das
- Entidades locais (ROF): artigo 50.3.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: artigo 82, 129,131 e 133.
- Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que Aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento Administrativo común, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da Ordenanza Municipal **PARA A PROTECCIÓN DAS CAPTACIÓNS DE AUGA SUBTERRÁNEA DESTINADA AO CONSUMO HUMANO EN ABEGONDO** sobre ,solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma .

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos a continuación, durante o prazo de *quinze días* a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro

SEGUNDO.- Xustificación da ordenanza

A principal razón é que resulta moito máis doado obter auga de calidade satisfactoria se os recursos hídricos que se



Documento asinado electrónicamente, pódese vallidar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

X999

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

utilizan están libres de contaminación na orixe. Unha das condicións para manter a calidade natural das fontes de auga subterránea é adoptar unha política pro-activa de protección das captacións.

A presente ordenanza regula as actividades nos perímetros de protección das captacións de augas subterráneas destinadas a consumo humano.

TERCEIRO. -Denominación

ORDENANZA REGULADORA PARA A PROTECCIÓN DAS CAPTACIÓNS DE AUGA SUBTERRÁNEA DESTINADA AO CONSUMO HUMANO EN ABEGONDO

CUARTO. -Obxectivo

Esta ordenanza ten por obxecto regular a conservación, protección e defensa das captacións das augas subterráneas do termo municipal de Abegondo.

Considéranse incluídos neste concepto as captacións das fontes naturais de uso público e os mananciais ou pozos dos que se abastecen de auga de consumo humano as redes veciñais que contén con concesión administrativa recollida no Rexistro de Augas de Galicia.

Quedan excluídos desta ordenanza as captacións dos aproveitamentos que se adquiren por disposición legal: pozos ou mananciais de uso particular situados no interior das propias fincas.

QUINTO.-Suxeitos responsables.

Os suxeitos que incumpran serán sancionados polos feitos constitutivos das infraccións tipificadas na Ordenanza, as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables das mesmas aínda a título de simple inobservancia.

En cumprimento do establecido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público no portal web DE TRANSPARENCIA deste Concello por prazo de 5 días a fin de dar audiencia xeral.



Documento asinado electrónicamente, pódese vallidar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento)